



## **EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

Praza Constitución, 1  
Tfnos.: 986 570165/570030  
Fax: 986 570233

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REITOR DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “EQUIPAMIENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS” (Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local – Goberno de España - F.E.E.S.L.- )**

#### **I.-Obxecto do contrato.**

É obxecto do contrato o subministro de “EQUIPAMIENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS”, autorizado por Resolución do Secretario de Estado de Cooperación Territorial.

Trátase, polo tanto, de subministracións enmarcadas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local – Goberno de España ( F.E.E.S.L. ) aprobado polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro .

En consecuencia, á presente subministración (ademais de suxeitarse á Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e ao resto da normativa que resulta de aplicación ordinariamente) lle é directamente aplicable:

- Real Decreto Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 30/2007.
- Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do 2 de novembro de 2009.
- Calquera outra normativa que, por referirse ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local – Goberno de España ( F.E.E.S.L. ), resulte relevante.

Polo tanto, este contrato encádrase na categoría de contrato administrativo típico de “subministro”, regulado basicamente no capítulo IV título II do libro IV da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP ou Lei 30/2007).

As características técnicas do subministro aparecen descritas nos correspondentes Pregos de Prescricións Técnicas, que forman parte do expediente de contratación e obrigan ó contratista.

Caso de contradición entre os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescricións Técnicas, prevalecerán os primeiros.

## **II.-Orzamento, financiamento do contrato e revisión de prezos.**

O valor estimado deste contrato é de 96.300,00 euros. A esta cantidade engádese o 16 % en concepto de IVE ( 15.408,00 euros), resultando un presuposto do contrato de 111.708,00 euros (tipo de licitación).

No seu caso, aos efectos de posibles incrementos da cota por I.V.E. que se poidan derivar de incrementos legais do tipo impositivo (que non serán considerados en ningún caso como modificacións contractuais), o Concello tramitará, no seu caso, as correspondentes modificacións orzamentarias para facer fronte aos mesmos en relación ás certificacións de obras e facturas que se vexan afectadas por isto. En ningún caso (sen mediar modificación do contrato) se poderá incrementar nin reducir a base do orzamento á que se aplique tal incremento impositivo.

## **III.-Forma de adxudicación.**

O contrato será adxudicado polo procedemento negociado con publicidade, conforme ó disposto nos artigos 157.f) e 161.2 da LCSP.

A tramitación será urxente conforme ó artigo 96 da LCSP, en relación co artigo 17 do Real Decreto Lei 13/2009, do 26 de outubro .

## **IV.-Pago do prezo de adxudicación do contrato e revisión de prezos.**

O pago do prezo do contrato realizarase trala entrega do subministrado ( recepción favorable), contra factura en regra emitida polo contratista, e conforme ós prazos previstos na normativa referenciada.

O pagamento das cantidades correspondentes ao presuposto do contrato se aboará nunha soa anualidade correspondente ao ano 2010. Non existirá revisión de prezos nesta contratación.

De conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, o Concello terá a obriga de aboar ao contratista o prezo do contrato dentro dos trinta días naturais seguintes á data da recepción de conformidade.

Dada a súa duración non superior a un ano, e de conformidade co disposto no artigo 77 da LCSP, este contrato non terá fórmula de revisión de prezos.

## **V.-Duración do contrato.**

O prazo de entrega do subministro, a contar dende a recepción da notificación da adxudicación definitiva, será de 1,5 mes, dende o inicio da execución – sinatura do contrato -), e debe concluír, en todo caso, antes do día 31 de decembro de 2010. *(En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 16 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro).*

O incumprimento dos prazos de execución pola parte do contratista dará lugar á aplicación do réxime de demora na execución, previsto nos artigos 196 e seguintes da LCSP.

Responderá tamén o contratista de calquera prexuízo que un retraso na execución dos traballos que lle sexa imputable, poida ocasionar ó Concello. En concreto, responderá das perdas de financiamento procedente do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local – Goberno de España - F.E.E.S.L. - que o retraso carrexese ó Concello.

Asemade, de apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifesta-lo que estime conveniente) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 196 e seguintes da LCSP.

## **VI.-Criterios de negociación ( criterios de valoración de ofertas ).**

Os criterios que se terán en conta para valora-las ofertas das empresas que sexan invitadas á licitación serán:

-Ampliación do prazo de garantía (ata 400 puntos).

-Contratación de traballadores en situación de desemprego (ata 400 puntos).

-Mantemento de traballadores integrantes da empresa ( ata 100 puntos)

-Menor prezo ofertado polo licitador ( ata 100 puntos)

-Mellor proposición, por especialidade técnica ( ata 100 puntos)

### **---Ampliación do prazo de garantía (ata 400 puntos)**

Tratarase da ampliación do prazo de garantía, por enriba do prazo xa inicialmente previsto nos Pregos ( 3 anos ). Expresarase en anos enteiros ou metades, desprezándose (ó só efecto de puntuación por este criterio) os días, semanas ou meses adicionais.

0 puntos se a oferta é igual ó período de garantía mínimo previsto nos Pregos.

por cada medio ano adicional sobre o período de garantía mínimo previsto nos Pregos: concederanse 25 puntos ata o máximo de 400 puntos.

**---Contratación de traballadores en situación de desemprego (ata 400 puntos)**

Condición especial de execución: será condición de execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 17.2 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, que o novo persoal que o contratista ou subcontratista, no seu caso, necesite empregar para a execución do contrato se atope en situación de desemprego, prioritariamente de longa duración ( inscrito nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego, alomenos, 12 meses antes da data de contratación), consonte ao establecido na Disposición Adicional Primeira do dito Real Decreto-Lei . A estes efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que cesaran na súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

A contratación de persoas desempregadas a que se refire o R.D.Lei 13/ 2.009, do 26 de outubro, deberá facerse a través dos Servizos Públicos de Emprego correspondentes.

Resulta relevante a efectos de valoración por este criterio o cálculo de número de persoas a empregar feito no Prego de Prescripcóns Técnicas Particulares, que son: 4.

Este criterio valorará a contratación de traballadores en situación de desemprego vinculados específica e exclusivamente á presente contratación.

A efectos da puntuación por este criterio, unicamente se terá en conta a contratación de traballadores en situación de desemprego a xornada completa cuxo contrato sexa: indefinido; por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto); ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ó prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non se terán en conta, polo tanto, a efectos de valoración por este criterio, as contratacións a tempo parcial; nin as contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por una duración de tempo inferior ó prazo de execución da obra.

Outorgaranse 400 puntos (a máxima puntuación) á empresa que contrate 4 traballadores desempregados, cunha das modalidades de contratación antes sinaladas, a xornada completa; 0 puntos se non se contrata ningún traballador desempregado nas condicións sinaladas anteriormente.

O resto de ofertas obterá os puntos que correspondan da aplicación da seguinte fórmula:

$$400 \times \frac{\text{n}^\circ \text{ de traballadores desempregados a contratar}}{4}$$

**--- Mantemento de traballadores integrantes da empresa ( ata 100 puntos)**

Compromiso de adicación de persoal incluído no actual plantel da empresa á execución do contrato ( vinculación específica e exclusiva).

Outorgaranse 100 puntos (a máxima puntuación) á empresa que manteña 4 traballadores, a xornada completa; 0 puntos se non mantén ningún traballador.

O resto de ofertas obterá os puntos que correspondan da aplicación da seguinte fórmula:

$$100 \times \frac{\text{n}^\circ \text{ de traballadores mantidos}}{4}$$

**---Menor prezo ofertado polo licitador ( ata 100 puntos)**

Por cada 2.000,00 euros de baixa sobre o presuposto tipo de licitación ( excluídas fraccións), concederanse 10 puntos, ata un máximo de 100 puntos.

En caso de empate entre as proposicións presentadas por varios licitadores, resolverase por sorteo público dentro do prazo máximo establecido para a adxudicación provisoria, actuando como fedatario o Secretario Xeral da Corporación.

**--- Mellor proposición, por especialidade técnica ( ata 100 puntos):**

1. Características técnicas da oferta, ata un máximo de **35 puntos**.

- a) Características hardware dos servidores ata un máximo de **9 puntos**.
- b) Características hardware da librería de cintas ata un máximo de **7 puntos**.
- c) Características hardware da cabina de discos ata un máximo de **7 puntos**.
- d) Características do soporte ata un máximo de **4 puntos**.
- e) Características do software ofertado ata un máximo de **4 puntos**.
- f) Características hardware dos equipos de usuario ata un máximo de **4 puntos**.

2. Melloras técnicas da oferta, ata un máximo de **25 puntos**.

- a) Melloras hardware para os equipos servidor e/ou incremento no número de unidades ofertadas, ata un máximo de **7 puntos**.

- b) Melloras hardware para a libraría de cintas e/ou incremento no número de compoñentes ofertados, ata un máximo de **6 puntos**.
  - c) Melloras hardware para a cabina de discos e/ou incremento no número de compoñentes ofertados, ata un máximo de **6 puntos**.
  - d) Melloras do software ofertado e/ou incremento no número de licencias ofertadas, ata un máximo de **3 puntos**.
  - e) Melloras hardware e/ou software para os equipos de usuario e/ou incremento no número de unidades ofertadas, ata un máximo de **3 puntos**.
3. Melloras condicións ás esixidas na instalación, administración e configuración, ata un máximo de **20 puntos**.
- a) Melloras que o licitador considere necesarias no proceso de migración, instalación e configuración do hardware, ata un máximo de **7 puntos**.
  - b) Melloras no proceso de ampliación da granxa de servidores Citrix,, ata un máximo de **7 puntos**.
  - c) Incremento do tempo de soporte telefónico e "in situ", ata un máximo de **6 puntos**.
4. Subministro, instalación e transparencia na integración dos equipos, ata un máximo de **20 puntos**.
- a) Maior transparencia na integración e instalación do novo equipamento, ata un máximo de **13 puntos**.
  - b) Menor tempo no subministro dos equipos, ata un máximo de **4 puntos**.
  - c) Menor tempo na instalación dos equipos, ata un máximo de **3 puntos**.

## **VII.-Capacidade para contratar.**

Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas o estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en unha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán reunir tamén os requisitos establecidos no artigo 44 da LCSP.

O Concello poderá contratar con Unións de Empresas que se constitúan Temporalmente ó efecto (UTEs), sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se adxudique provisionalmente o contrato ó seu favor.

Estas Unións Temporais de Empresas deberán designar un representante ou apoderado único, e tódalas empresas que a integren responderán solidariamente das súas obrigacións como licitador ou contratista. As UTEs rexeranse polo previsto no artigo 48 da LCSP.

### **VIII.-Acreditación da solvencia económica.**

Acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 64 da LCSP. Preferentemente: mediante informe dunha entidade financeira no que se faga expresa mención á suficiente solvencia que, a xuízo da entidade financeira, ten a empresa para a execución do presente contrato.

### **IX.-Acreditación da solvencia técnica.**

Acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 66 da LCSP. Preferentemente mediante unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado.

### **X.-Garantía provisional.**

Non se esixe, de conformidade co artigo 91 da LCSP.

### **XI.-Anuncio de licitación e lugar de entrega da documentación.**

De conformidade co artigo 126.4 da LCSP a licitación anunciarase mediante o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación do anuncio no perfil do contratante.

Se o último día coincidira con domingo ou festivo, entenderase que o último día de prazo se traslada ata o día hábil seguinte.

De conformidade co artigo 80.4 do RD 1098/2001 cando as proposicións envíense por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío na oficina de correos, e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama o mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### **XII.-Comunicacións cos licitadores.**

A excepción do anuncio de licitación e das adxudicacións, tódalas comunicacións entre o Concello e os licitadores durante o procedemento de contratación, poderán se producir por medio de publicacións no Perfil do contratante e/ou fax.

Todo isto, sen prexuízo de que a Administración decida a utilización doutros medios.

### **XIII.-Presentación de documentación.**

Os licitadores presentarán 2 sobres pechados e asinados por empresario persoa física, ou se é persoa xurídica, por persoa habilitada:

#### **---SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA---**

Esta documentación irá nun sobre pechado no que se fará consta-lo seguinte: "SOBRE A: Documentación Administrativa do procedemento de contratación para o subministro de "EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS" , presentada por ....."

Toda a documentación contida neste sobre, e que a continuación se enumera, é obrigatorio que se presente debidamente ordenada, e precedida dun índice, que identifique e sitúe cada un dos documentos individuais.

De observarse algún defecto na documentación administrativa presentada, se lle concederá ó licitador un prazo de 3 días para a súa subsanación.

A documentación que debe conte-lo sobre de Documentación Administrativa é a seguinte:

#### **A.- PORTADILLA**

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, enderezo, e a persoa á que dirixi-las comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

#### **B.- CAPACIDADE**

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

#### Persoas xurídicas:

-Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.

-Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.

-Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

#### Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

-Certificación de inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

#### Empresas non comunitarias:

-Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.



-Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Ademais, e por tratarse dun contrato de obras, será necesario acreditación de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

#### C.- PODERES

Cando o licitador non actúe en nome propio ou trátase de Sociedade ou Persoa xurídica, deberá acompañarse Poder bastante para representar á Persoa ou Entidade en nome da que vai actuar ante a Administración.

A mera presentación do Poder equivale a unha declaración expresa do apoderado de que o poder se atopa en vigor.

#### D.-BASTANTEO

Os poderes ós que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente polo Secretario Xeral da Corporación, Notario ou letrado en exercicio.

#### E.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E XUSTIFICACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E PARA COA SEGURIDADE SOCIAL

Declaración de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 49 da LCSP, que recollerá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal circunstancia deba presentarse antes da adxudicación definitiva polo empresario a cuxo favor vaia realizarse esta).

#### F- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA:

-A solvencia económica acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 64 da LCSP. Preferentemente: mediante informe dunha entidade financeira no que se faga expresa mención á suficiente solvencia que, a xuízo da entidade financeira, ten a empresa para a execución do presente contrato.

-A solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 66 da LCSP. Preferentemente mediante unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado.

#### G- SOMETEMENTO DAS EMPRESAS ESTRANXEIRAS ÓS TRIBUNAIS ESPAÑOIS

Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

H.-FIANZA PROVISIONAL

Non se esixe.

**---SOBRE B: OFERTA---**

A oferta presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición: "SOBRE B: Oferta do procedemento de contratación para o subministro de "EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS", presentada por ....."

A oferta deberá ir asinada polo empresario persoa física, ou se é persoa xurídica, pola persoa habilitada.

Ademais do compromiso de executa-lo contrato polo prezo ofertado, e a proposición que poda formula-lo licitador en relación cos demais criterios de adxudicación, **xunto coa oferta o empresario comunicará o número total de persoas a ocupar, de resultar adxudicatario, distinguindo ademais entre as de nova contratación e as integradas na empresa.**

A oferta se realizará conforme ó modelo que se inserta a continuación:

"Dn/na.....,con  
NIF....., actuando en nome (táchese a que non proceda) propio/da  
empresa ..... manifesta:

--- que, no procedemento de contratación para a realización do subministro de "EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS" ( Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local – Goberno de España -( F.E.E.S.L. -)", coñece e acepta tódolos requisitos e condicións polos que se rexe o contrato, conforme ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e ós Pregos de Prescricións Técnicas, e a lexislación que lle é aplicable.

--- que, oferta e acepta que a execución deste contrato se produza polo importe de ..... euros. A esta cantidade engadirase o 16 % en concepto de IVE (.....euros), resultando un prezo de execución por contrata ofertado de .....euros .

--- que, sendo o período de garantía mínimo de 3 anos, ofrece como período de garantía adicional (a maiores dese mínimo) .....anos (a expresar en anos enteiros ou metades, cun mínimo de 0,5 anos).

--- que, o número de total de persoas a ocupar con vinculación específica e exclusiva, de resultar adxudicatario ( ou polo/s seu/s subcontratista/s), será de .....; das que ..... serán de nova contratación e..... figuran integradas na empresa. Isto, segundo o sinalado na cláusula VI deste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (a efectos da puntuación por este criterio, unicamente se ten en conta a contratación de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ó prazo de execución do presente contrato administrativo de

subministración. Non se terán en conta, polo tanto, a efectos de valoración por este criterio, as contratacións a tempo parcial; nin as contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por una duración de tempo inferior ó prazo de execución da subministración).

---que, por especialidade técnica, oferta:

#### 1. Características técnicas da oferta.

- g) Características hardware dos servidores.....
- h) Características hardware da librería de cintas .....
- i) Características hardware da cabina de discos.....
- j) Características do soporte.....
- k) Características do software ofertado.....
- l) Características hardware dos equipos de usuario.....

#### 2. Melloras técnicas da oferta.

- f) Melloras hardware para os equipos servidor e/ou incremento no número de unidades ofertadas.....
- g) Melloras hardware para a librería de cintas e/ou incremento no número de compoñentes ofertado.....
- h) Melloras hardware para a cabina de discos e/ou incremento no número de compoñentes ofertado.....
- i) Melloras do software ofertado e/ou incremento no número de licencias ofertadas.....
- j) Melloras hardware e/ou software para os equipos de usuario e/ou incremento no número de unidades ofertadas.....

#### 3. Melloras condicións ás esixidas na instalación, administración e configuración.

- d) Melloras que o licitador considere necesarias no proceso de migración, instalación e configuración do hardware.....
- e) Melloras no proceso de ampliación da granxa de servidores Citrix,.....
- f) Incremento do tempo de soporte telefónico e "in situ".....

#### 4. Subministro, instalación e transparencia na integración dos equipos.

- d) Maior transparencia na integración e instalación do novo equipamento.....
- e) Menor tempo no subministro dos equipos.....
- f) Menor tempo na instalación dos equipo.....

Lugar, data e sinatura do licitador"

#### **XIV.-Mesa de contratación e adxudicación.**

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación cuxa composición será a seguinte:

-Presidente: .....O Alcalde do Concello.

-Vogais:

.....A Concelleira de Industria

.....O Concelleiro de Cultura

.....O Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal

.....Un/ha Arquitecto/a Municipal.

.....A Interventora de Fondos municipais

.....O Secretario da Corporación.

-Secretario: .....Un funcionario da Corporación.

A Mesa de contratación examinará e cualificará os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto a requirimento do Presidente, e procedendo a abri-lo sobre A relativo á documentación administrativa.

A Mesa de contratación levará a cabo as seguintes actuacións:

- APERTURA E CLASIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (SOBRE A). A Mesa examinará a documentación aportada polos licitadores, cualificando a mesma e determinando que de non se axustar ós presentes Pregos, quedará excluído o licitador. Non obstante, as deficiencias documentais que sexan subsanables, se comunicarán ós licitadores afectados para a súa subsanación nun prazo non superior a 3 días hábiles.
- APERTURA DE OFERTA (SOBRE B ).-A Mesa reunirse no día e hora que sinala o Presidente na convocatoria. A convocatoria será obxecto da debida publicidade mediante inserción de anuncio no perfil do contratante cunha antelación de cando menos 24 horas. A Mesa de contratación procederá en acto público en primeiro lugar a proclamar os admitidos e excluídos do procedemento (por non presenta-la documentación adecuadamente, e non subsana-la no prazo outorgado) e posteriormente realizará a apertura do sobre B. A Mesa valorará as ofertas con arranxo ós criterios previstos nestes Pregos. A estes efectos, a Mesa poderá recaba-los informes que estime oportunos e deliberar sen publicidade. A Mesa procederá á apertura do SOBRE B e á valoración das proposicións polos correspondentes criterios. A apertura dos sobres e a lectura ou exame das proposicións realizarase na parte da sesión que sexa pública. Non o será a deliberación e traballo de valoración que realice a Mesa.

A Mesa de contratación estenderá acta de tódalas súas actuacións, e elevará a documentación presentada polos licitadores, xunto coa Proposta de adxudicación provisional da Mesa, ó órgano de contratación.

#### **XV.-Adxudicación provisional**

A adxudicación provisional realizaraa o órgano de contratación. Terá lugar no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende que remate o prazo de presentación de proposicións.

Será notificada ós licitadores e publicada no Perfil do contratante.

#### **XIV.-Garantía e outros requisitos, incluídos os relativos á contratación de desempregados, e adxudicación definitiva.**

De conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, e tendo en conta o artigo 17.1 do Real Decreto Lei 13/2009, do 26 de outubro, no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publique a adxudicación provisional no Perfil do contratante, o adxudicatario provisional deberá presentar xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social na forma e alcance previsto nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, incluíndo o relativo ó Imposto de Actividades Económicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa entidade local, esta será comprobada de oficio polo propio Concello mediante Informe emitido pola súa Tesourería, e que será unido ó expediente.

Asemade, o adxudicatario provisional deberá aportar xustificante de ter constituída a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007.

O importe da garantía definitiva será o 5 % do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE.

Responderá esta garantía do adecuado cumprimento polo contratista das súas obrigacións, ata o remate do período de garantía do contrato.

Tamén, entre a adxudicación provisional e a adxudicación definitiva, deberá aporta-lo adxudicatario:

--- Copia dos contratos de traballo dos traballadores desempregados contratados (aínda que o comezo da relación laboral poda ter unha data posterior á de formalización do contrato de traballo)

--- Tarxetas de desemprego dos traballadores desempregados contratados (inmediatamente anteriores a dita contratación)

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel no que expire o prazo de 10 días hábiles mencionado anteriormente.

No caso de que non proceda a adxudicación do contrato ó licitador que resultara adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para acadalo, antes de proceder a unha nova convocatoria se poderá (sempre de xeito facultativo para o órgano de contratación) efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, polo orde no que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fora posible e que o novo adxudicatario presentara a súa conformidade. En tal caso, concederáse a este un prazo de 5 días para presenta-la documentación administrativa e a garantía definitiva.

### **XVII.-Documento de Formalización.**

O adxudicatario queda obrigado a subscribi-lo contrato administrativo no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación definitiva. Sen a previa formalización do contrato non poderá iniciarse a súa execución.

De non se formaliza-lo contrato no prazo indicado por causas imputables ó adxudicatario, a Administración poderá declarar resolto o contrato, e sen prexuízo da esixencia da correspondente indemnización polos danos e prexuízos.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública a petición de calquera das partes. Neste caso, os gastos da devandita formalización serán de conta da parte que a solicitou. Unha copia da escritura do contrato unirase ó expediente.

### **XVIII.-Gastos a cargo do adxudicatario.**

Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos e obrigacións:

- a)-Os gastos de publicación que puidera xera-lo procedemento.
- b)-Os tributos estatais, autonómicos e municipais que puideran derivarse do contrato. Enténdese incluídos no prezo os impostos e taxas que leve aparexada a matriculación e posta en circulación do vehículo, cuxa xestión corresponde ó contratista.
- c)-Asumi-lo pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d)-No seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado nestes Pregos.
- e)-Xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo abonar á súa costa tódolos gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello, ou a persoa que este designe.

### **XIX.-Responsable do contrato.**

De conformidade co previsto no artigo 41 da Lei 30/2007, con obxecto de supervisa-la execución do contrato e adopta-las decisións e dita-las instrucións necesarias coa fin de asegura-la correcta realización da prestación pactada, poderase nomear unha persoa responsable do contrato.

### **XX.-Cesión do contrato e subcontrato.**

O contratista non poderá cede-los dereitos dimanantes do contrato, mais tampouco subcontratar parte algunha deste contrato, sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 209 e 210 da Lei 30/2007.

O contratista está obrigado a abona-lo prezo pactado ós subcontratistas, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 211 da Lei 30/2007 e, tendo en conta a este respecto, o sinalado no artigo 17.5 do RD-Lei 13/2009.

### **XXI.-Execución do contrato.**

O contrato deberá executarse con estrita suxeición a estes Pregos, ós Pregos de Prescricións Técnicas e ás instrucións que en interpretación dos mesmos poda dita-lo Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación.

En todo caso, o contratista respectará a lexislación laboral e da seguridade social nas relacións co seu persoal.

Non existirá vinculación ou relación laboral ou similar de ningún tipo entre o persoal do contratista e o Concello.

O adxudicatario estará obrigado a aportar tanta documentación lle poda ser requirida polo Concello en calquera momento e que tenga relevancia a efectos contractuais ou de cumprimento da Lei 30/2007, e restante normativa de aplicación. Moi particularmente, aquela que garde relación cos traballadores a empregar na subministración.

No relativo ás características do subministro, prazo de entrega, período de garantía... e en xeral calquera cuestión que xurda en relación coa execución do contrato, a responsabilidade directa para co Concello será do contratista, con independencia das relacións que este poida ter cos seus provedores ou outros terceiros.

Será tamén responsabilidade do contratista os danos en persoas ou cosas que se puideran ocasionar como consecuencia de vicios ou defectos dos vehículos ou calquera dos seus elementos.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifesta-lo que estime oportuno) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 196 e seguintes da LCSP.

## **XXII.-Recepción do subministro.**

O prazo de entrega do subministro, a contar dende a recepción da notificación da adxudicación definitiva, será de 1,5 meses.

A entrega realizarase no lugar, dentro do termo municipal, que indique o Concello, ou no previsto nos pregos co-rrreitores desta licitación.

Serán de conta do adxudicatario os gastos de transporte e entrega.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causas de perdas, avirías ou prexuízos ocasionados ó ben antes da súa entrega.

A entrega realizarase tendo o subministro tódolos permisos e condicións que resulten necesarios para a súa inmediata operatividade tendo en conta o seu cometido.

De conformidade co artigo 205 da Lei 30/2007, dentro do prazo de 15 días dende a entrega do subministro, levantarase un acta formal de recepción, a asinar entre un representante do Concello e un do contratista.

Aínda que a data de recepción do subministro non ten por que se-la mesma que a data da acta de entrega, nesta farase constar aquela.

A recepción efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas nos artigos 205 e 268 da LCSP.

Se os subministro non se atopa en estado de ser recibido, farase constar así na acta de recepción e, daranse as instrucións precisas ó contratista para a súa subsanación.

Se chegada a fin do prazo de entrega, o contratista incorrera en mora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas terán a contía determinada no parágrafo primeiro do artigo 196.4 da LCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa pola parte do Concello.



A perda da garantía ou os importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que poida ter dereito o Concello, orixinados pola demora do contratista.

Responderá o contratista de calquera prexuízo que un incumprimento ou retraso na execución dos traballos que lle sexa imputable, poida ocasionar ao Concello. En concreto, responderá das perdas de financiamento procedente do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local que estas circunstancias carrexen ao Concello.

Penalidades: imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

- a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
  - Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase á súa recepción.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal en termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

- b) Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:
- Se, ao tempo da recepción, o subministro non se atopa en estado de ser recibido por causas imputables ao contratista.
  - Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%,

respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultara que a súa oferta non fose a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tato en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidade.

Ao tempo da recepción comprobarase, en particular, o cumprimento polo contratista das seguintes obrigaóns:

- 1ª) O cumprimento non defectuoso do contrato
- 2ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- 3ª) O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

Coa acta de recepción, o contratista entregará asinado un documento titulado "Declaración do contratista á finalización da subministración, relativa ás persoas ocupadas con ocasión da execución do contrato de "EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS " , segundo o seguinte modelo:

"Eu, D. ...., ( NIF.....), actuando en nome e representación da empresa ..... ( CIF.....),

adxudicataria do contrato de suministro de EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ", realizo a seguinte DECLARACIÓN:

**Que**, especificamente para a execución da mencionada subministración foron contratados como novos traballadores:

(-Indicarase por cada traballador: nome e apelidos, nº de DNI ou nº de identificación de estranxeiro, modalidade do contrato de traballo e número total de xornadas destinadas á execución do contrato).

**Que**, especificamente para a execución da mencionada subministración foron mantidos como traballadores ( formaban parte da empresa):

(-Indicarase por cada traballador: nome e apelidos, nº de DNI ou nº de identificación de estranxeiro, modalidade do contrato de traballo e número total de xornadas destinadas á execución do contrato).

**Asemade**, xunto coa presente declaración, achego, por cada traballador:

- Fotocopia do D.N.I. ou nº de identificación de estranxeiro.
- Fotocopia do contrato de traballo

**A maiores**, para os traballadores de nova contratación achego:

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Informe de vida laboral.

**Finalmente**, achego informe expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social relativo aos traballadores afiliados á conta de cotización da empresa durante o periodo de execución do contrato, ou documento acreditativo equivalente relativo aos traballadores mencionados con anterioridade, por todos e cada un dos meses de execución da subministración (por exemplo: TC1, TC2, Vida Laboral)".

### **XXIII.-Prazo de garantía**

O prazo de garantía terá unha duración mínima 3 anos a contar dende a data da recepción positiva do subministro, sen prexuízo do seu aumento segundo a oferta formulada polo adxudicatario.

Se durante o prazo de garantía acredítase a existencia de vicios ou defectos no ben subministrado, o Concello terá dereito a reclamar ó contratista a subsanación dos mesmos. Todo sen prexuízo da indemnización de danos e prexuízos que puidera corresponder.

#### **XXIV.-Liquidación e devolución da garantía definitiva.**

Transcorrido o prazo de garantía, o Concello, a instancia do contratista, procederá á liquidación do contrato e, se procede, á devolución ou cancelación da garantía.

No caso de que se apreciasen deficiencias no ben, o Concello procederá a dita-las oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación. Para isto, concederalle un prazo, durante o que o contratista deberá subsana-los bens, e sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

#### **XXV.-Causas de resolución do contrato.**

Resolución do contrato: a resolución do contrato se rexerá polo establecido con carácter xeral nos arts. 204 a 208 da LCSP e especificamente para o contrato de subministro nos artigos 273 a 276 de dita Lei.

#### **XXVI.-Réxime xurídico.**

O presente contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas e ás súas disposicións de desenrolo; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo; e, no seu defecto, as normas de Dereito Privado.

As cuestión litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo Concello, poñendo as súas Resolucións fin á vía administrativa. Contra estas, caberá a interposición de recurso potestativo de reposición, ou de recurso contencioso-administrativo, segundo o regulado na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o recorrente estime oportuno e sexa aceptable en Dereito.

Os litixios serán vistos polos xulgados ou tribunais que sexan competentes en razón do domicilio da Corporación.

A Estrada, 19 de Maio de 2.010.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo.: José Antonio Dono López.